

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Específico Parte teórica” entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro “Específico Parte práctica” entre os números E56 e E110 da “FOLLA DE RESPOSTAS”
3. – O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS”, no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. En que principio se funda esencialmente a inderogabilidade singular dos regulamentos?

- A) O principio de respecto aos dereitos adquiridos.
- B) O principio de igualdade.
- C) O principio de legalidade.
- D) O principio de xerarquía normativa.

2. Respecto aos órganos específicos de representación do persoal funcionario, o artigo 156 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que:

- A) Nas unidades electorais onde o número de persoal funcionario sexa inferior a 30, a representación corresponde aos delegados de persoal e se elixirá 1 delegado. Se é superior a 30 e inferior a 50 funcionarios, elixíranse 5 delegados, os que exercerán a súa representación conxunta e mancomunadamente.
- B) Nas unidades electorais onde o número de persoal funcionario sexa igual ou superior a 50, constituiranse xuntas de persoal. As xuntas de persoal elixirán de entre os seus membros a un presidente e un secretario, elaborarán o seu propio regulamento de procedemento que debe aprobarse polos votos favorables de, cando menos, tres quintos dos membros da xunta de persoal.
- C) Cada xunta de persoal componse dun número de representantes, en función do número de persoal funcionario da unidade electoral correspondente, de acordo coa seguinte escala, conforme ao Estatuto dos traballadores: de 50 a 100 funcionarios:5; de 101 a 250 funcionarios: 9; de 251 a 500 funcionarios: 13; de 501 a 750 funcionarios: 17; de 751 a 1.000 funcionarios: 21; de 1.001 en adiante, 2 por cada 1.000 ou fracción, co máximo de 75.
- D) Cada xunta de persoal componse dun número de representantes, en función do número de persoal funcionario da unidade electoral correspondente, de acordo coa seguinte escala, conforme ao Estatuto dos traballadores: de 30 a 100 funcionarios:5; de 101 a 250 funcionarios: 9; de 251 a 500 funcionarios: 13; de 501 a 750 funcionarios: 17; de 751 a 1.000 funcionarios: 21; de 1.001 en adiante, 2 por cada 1.000 ou fracción, co máximo de 75.

3. O texto refundidoda Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto legislativo 1/1999) establece que os estados de ingresos presentarán:

- A) Unha clasificación funcional, unicamente.
- B) Unha clasificación orgánica e funcional.
- C) Unha clasificación económica, distinguindo os gastos correspondentes a operacións correntes e de capital.
- D) Unha clasificación orgánica, funcional e económica.

4. Nunha folla de cálculo, en que consiste a opción de combinar celas?

- A) Non ten ningunha misión especial.
- B) Varias celas convertidas nunha.
- C) En engadir unha nova cela a táboa existente.
- D) Ningunha das opcións é correcta.

5. O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia regula no seu artigo 96 os principios da función interventora. Respecto destes principios, unha das seguintes respostas non é correcta:

- A) A función interventora exercerase conforme ao principio de autonomía funcional.
- B) A función interventora exercerase conforme ao principio de xerarquía interna.
- C) A función interventora exercerase conforme ao principio de exercicio concentrado.
- D) A función interventora exercerase conforme ao principio de actuación contradictoria.

6. Segundo o artigo 10 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de persoal non está obrigada a publicar:

- A) Os obxectivos das viaxes dos altos cargos.
- B) A distribución, segundo relación nominal de persoas, do crédito horario total que ten cada organización sindical.
- C) As contías das indemnizacións por razón do servizo que resulten de aplicación ao persoal laboral e a súa distribución segundo relación nominal de persoas.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

7. En relación coa Protección á familia, establecida no Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, cal dos seguintes enunciados é correcto?

- A) A efectos das pensións contributivas de xubilación e de incapacidade permanente, computaranse a favor da traballadora solicitante da pensión un total de cento oitenta días completos de cotización por cada parto dun só fillo e de catroce días máis por cada fillo a partir do segundo, este incluído, se o parto fose múltiple, salvo que, por ser traballadora ou funcionaria no momento do parto, se tivese cotizado durante a totalidade das dezaseis semanas ou durante o tempo que corresponda se o parto fosea múltiple.
- B) Os períodos de ata tres anos de excedencia que os traballadores, de acordo co artigo 46,3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, gocen en razón do coidado de cada fillo ou menor en réxime de acollemento permanente ou de garda con fins de adopción, terán a consideración de período de cotización efectiva a efectos das correspondentes prestacións da Seguridade Social por xubilación, incapacidade permanente, morte e supervivencia, maternidade e paternidade.
- C) As cotizacións realizadas durante os tres primeiros anos do período de redución de xornada por coidado de menor previsto no primeiro parágrafo do artigo 37,6 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, computaranse incrementadas ata o 100 por cen da contía que tivese correspondido se se tivese mantido sen a dita redución a xornada de traballo, a efectos das prestacións sinaladas no artigo 237.1 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.
- D) Non se computará como período cotizado a todos os efectos, salvo para o cumprimento do período mínimo de cotización esixido, aquel en que se teña interrompido a cotización a causa da extinción da relación laboral ou da finalización do cobro de prestacións por desemprego cando tales circunstancias se teñan producido entre os nove meses anteriores ao nacemento, ou os tres meses anteriores á adopción ou acollemento permanente dun menor, e a finalización do sexto ano posterior á dita situación.

8. Sinale a afirmación incorrecta en relación coa natureza dun Servizo de Admisión e Documentación Clínica Hospitalaria:

- A) Non asistencial.
- B) Multidisciplinar.
- C) Xestión dos/as pacientes.
- D) Asistencia médica de urxencia.

9. Indique a opción correcta:

A) Considerase como única causa para a solicitude de reintegro dos gastos ocasionados por asistencia sanitaria con medios alleos ao Servizo Galego de Saúde a derivada dunha situación de urxencia, inmediata e de carácter vital, en todo caso.

B) Considerarase como única causa para a solicitude de reintegro dos gastos ocasionados por asistencia sanitaria con medios alleos ao Servizo Galego de Saúde a derivada dunha situación de urxencia, inmediata e de carácter vital, unha vez comprobado que non se puideron utilizar oportunamente os servizos daquel e que non constitúe unha utilización desviada ou abusiva desta excepción.

C) Poderase solicitar o reintegro dos gastos ocasionados por calquera asistencia sanitaria con medios alleos ao Servizo Galego de Saúde.

D) Non se poderá solicitar o reintegro dos gastos ocasionados por asistencia sanitaria con medios alleos ao Servizo Galego de Saúde, ao tratarse dunha decisión que se enmarca dentro do principio de autonomía do/a paciente.

10. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, ao conxunto de recursos, actividades, servizos e prestacións, públicos e privados, cuxa finalidade é a promoción e protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social, todo elo baixo unha perspectiva de asistencia sanitaria integral e funcionalmente articulada denomínase:

A) Sector privado de atención sanitaria.

B) Sistema de Saúde de Galicia.

C) Sistema Público de Saúde de Galicia.

D) Sistema de Saúde Pública.

11. Segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – administrativa, o prazo para interpoñer o recurso contencioso – administrativo contra unha actuación en vía de feito é de:

A) Dez días contados dende o día en que se iniciou a actuación administrativa en vía de feito, se non se formulou requirimento á Administración actuante.

B) Vinte días se se formulou requirimento á Administración actuante.

C) Vinte días contados dende o día en que se iniciou a actuación administrativa en vía de feito se non se formulase requirimento á Administración actuante.

D) Dous meses dende o día en que se iniciou a actuación administrativa en vía de feito.

12. Segundo o artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a Tesourería Xeral da Seguridade Social é:

A) Unha entidade xestora con personalidade xurídica propia que terá ao seu cargo a custodia dos fondos, valores e créditos e o rexistro das prestacións sociais públicas para os pagamentos de obrigas do Sistema da Seguridade Social.

B) Un servizo común con personalidade xurídica propia que terá ao seu cargo a custodia de fondos, valores e créditos e o rexistro das prestacións sociais públicas para os pagamentos de obrigas do Sistema da Seguridade Social.

C) Unha entidade xestora con personalidade xurídica propia que terá ao seu cargo a custodia dos fondos, valores e créditos e as atencións xerais e dos servizos de recadación de dereitos e pagamentos de obrigas do Sistema da Seguridade Social.

D) Un servizo común con personalidade xurídica propia que terá ao seu cargo a custodia dos fondos, valores e créditos e as atencións xerais e dos servizos de recadación de dereitos e pagamentos das obrigas do Sistema da Seguridade Social.

13. Non é un principio básico da acción preventiva:

- A) Os traballos de reparación, transformación, mantemento ou conservación serán realizados polos traballadores especificamente capacitados para iso.
- B) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- C) Substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo.
- D) Ter en conta a evolución da técnica.

14. Para os efectos da Lei 59/2003, do 19 de decembro de sinatura electrónica, ao documento asinado electronicamente por un prestador de servizos de certificación que vincula uns datos de verificación de firma a un asinante e confirma a súa identidade denomínase:

- A) Documento electrónico
- B) Certificado electrónico recoñecido
- C) Certificado electrónico
- D) Sinatura electrónica

15. De acordo coa Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, non é un deber ou obriga individual da cidadanía:

- A) Manter o debido respecto ao persoal que presta os seus servizos no ámbito do sistema público.
- B) Recibir información sobre o seu proceso asistencial, sen posibilidade de renuncia.
- C) Usar de xeito adecuado os recursos, servizos e prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- D) Cooperar coas autoridades sanitarias na protección da saúde e a prevención das enfermidades.

16. O Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no artigo 10 establece que 2 dos grupos encadrados en réximes especiais rexeranse polas leis específicas que se diten ao efecto, debendo tenderse na súa regulación á homoxeneidade co Réxime Xeral. Que grupos son?

- A) O grupo de traballadores por conta propia ou autónomos e o grupo de funcionarios públicos, civís e militares.
- B) O grupo de traballadores do mar e o grupo de funcionarios públicos, civís e militares.
- C) O grupo de traballadores por conta propia ou autónomos e o grupo de traballadores do mar.
- D) O grupo de funcionarios públicos, civís e militares e o grupo de estudantes.

17. Sinale a resposta correcta:

- A) O réxime económico e financeiro do sector público estatal regúlase na Lei Xeral Orzamentaria, unicamente.
- B) Ao réxime económico e financeiro do sector público estatal non lle son de aplicación, con carácter supletorio, as demais normas de dereito administrativo.
- C) O sistema tributario español someterase á súa normativa específica.
- D) Ao réxime económico e financeiro do sector público estatal non lle é de aplicación a normativa comunitaria.

18. De conformidade co artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, que circunstancia ten que concorrer para que se poida proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino?

- A) A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal funcionario de carreira.
- B) A execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente no nomeamento e non poderá ser superior a tres anos, ampliábelos ata doce meses máis de o xustificar a duración do correspondente programa.
- C) O exceso ou a acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de seis meses dentro dun período de doce meses.
- D) En calquera das tres circunstancias anteriores.

19. Que obxectivos persegue a contratación pública autonómica galega?

- A) A racionalización e eficiencia do gasto público, a estabilidade orzamentaria e o control do gasto e o fomento da participación da pequena e mediana empresa.
- B) A liberdade de acceso ás licitacións, a publicidade e transparencia dos procedementos, e a non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores.
- C) A concorrencia, a publicidade, a igualdade de trato e a transparencia.
- D) A axilidade, simplificación e modernización administrativa.

20. Segundo a Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, unha das seguintes afirmacións é correcta:

- A) Ás transferencias de crédito que afecten unicamente á clasificación funcional e que se efectúen entre as estruturas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde non lles serán de aplicación as limitacións previstas no artigo 68 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia, por teren a simple consideración de redistribucións de crédito.
- B) Ás transferencias de crédito que afecten unicamente á clasificación orgánica e que se efectúen entre as estruturas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde non lles serán de aplicación as limitacións previstas no artigo 68 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia, por teren a simple consideración de redistribucións de crédito.
- C) Terán a consideración de redistribución de crédito as transferencias dentro das mesmas estruturas de xestión integrada sempre que non afecten á clasificación económica.
- D) As transferencias de crédito que afecten aos gastos de funcionamento entre distintos centros dentro dunha mesma sección terán a consideración de redistribucións de crédito.

21. No despedimento por causas obxectivas, cales son os requisitos de forma que se esixen no artigo 53 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores?

- A) Comunicación escrita ao traballador expresando a causa.
- B) O empresario debe preavisar cunha semana de antelación ao traballador.
- C) Xunto á carta, debe entregarse unha indemnización de 15 días de salario por ano traballado, cun máximo de 720 días.
- D) Todas son correctas.

22. En referencia ás fases de gastos é certo que:

- A) Co acto da autorización do gasto queda formalizada a reserva de crédito por un importe e unhas condicións exactamente determinadas.
- B) A disposición de gasto é o acto en virtude do que se acorda, concerta ou determina a contía concreta que debe acadar o compromiso económico para a realización de todo tipo de prestacións.
- C) Para o recoñecemento da obriga, que é a operación de contraer en contas os créditos esixibles contra a Comunidade Autónoma de Galicia que deben acreditarse como contraprestación económica derivada dos acordos, dos concertos ou das normas resolutorias que determinen a disposición dun crédito, non é necesaria previamente a fase de disposición.
- D) A proposta de ordenación do pagamento non pode ser realizada por quen recoñeceu a existencia da obriga.

23. Segundo o artigo 214 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación á cesión dos contratos:

- A) O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de tres meses.
- B) O prazo para resolver a solicitude de autorización será de tres meses.
- C) Transcorrido o prazo previsto na Lei para resolver a solicitude de autorización, esta debe entenderse denegada.
- D) O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

24. Cal das seguintes afirmacións, relativas aos regulamentos, é falsa?

- A) Corresponde ao presidente da Xunta aprobar os regulamentos para o desenvolvemento e execución das leis de Galicia así como os das leis do Estado, cando a competencia de execución corresponda á Comunidade Autónoma en virtude do Estatuto de Autonomía ou por delegación ou transferencia.
- B) Corresponde á Xunta adoptar, no seu caso, as medidas regulamentarias que requirise a execución dos tratados e convenios internacionais e o cumprimento dos Regulamentos e directrices derivadas daqueles, no que afecte a materias atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma.
- C) Os conselleiros da Xunta de Galicia poden ditar disposicións administrativas de carácter xeral no relativo á organización e materias propias dos seus departamentos.
- D) O Tribunal Constitucional ostenta potestade reglamentaria.

25. De acordo co artigo 17 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, quen expide o título de especialista en Ciencias da Saúde?

- A) O órgano da Comunidade Autónoma competente na materia de educación.
- B) O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- C) O Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais.
- D) O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos.

26. Cal dos seguintes enunciados non é correcto?

- A) As xuntas de persoal, por decisión maioritaria dos seus membros, e os delegados de persoal, mancomunadamente, están lexitimados para iniciar, como interesados, os correspondentes procedementos administrativos e exercer as accións en vía administrativa ou xudicial en todo o relativo ao ámbito das súas funcións nos termos e cos efectos establecidos pola lexislación que en cada caso resulte de aplicación.
- B) É función das xuntas de persoal e dos delegados de persoal, no seu respectivo ámbito, emitir informe, por solicitude da Administración pública correspondente, sobre o traslado total ou parcial das instalacións e a implantación ou revisión dos seus sistemas de organización e métodos de traballo.
- C) Son competencias propias das mesas sectoriais do persoal funcionario a negociación das materias relacionadas con condicións de traballo comúns ao persoal funcionario do seu ámbito. En particular, serán obxecto de negociación nestas mesas as cuestións relativas ao incremento das retribucións e á determinación e aplicación daqueles conceptos retributivos que afecten ao conxunto de persoal funcionario da correspondente Administración pública.
- D) A efectos da negociación colectiva do persoal funcionario, constituirase unha mesa xeral de negociación no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, así como en cada unha das entidades locais incluídas no ámbito de aplicación da lei.

27. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ¿cal das seguintes afirmacións é falsa en relación ao contrato de subministración?

- A) No contrato de subministración no que a determinación do prezo realícese mediante prezos unitarios, poderase incrementar o número de unidades a subministrar ata a porcentaxe do 10 por cento do prezo do contrato, sen que sexa preciso tramitar o correspondente expediente de modificación, sempre que así se establecera no prego de cláusulas administrativas particulares e se acreditara o correspondente financiamento no expediente orixinario do contrato.
- B) É causa de resolución do contrato de subministración a suspensión da subministración por un prazo superior a oito meses acordada pola Administración, salvo que no prego sinálese outro menor.
- C) En caso de resolución do contrato de subministración por desistencia unha vez iniciada a execución da subministración o contratista só terá dereito a percibir, por todos os conceptos, unha indemnización do 3 por cento do prezo da adxudicación do contrato, IVE excluído.
- D) Aos contratos de fabricación aplicaráselles directamente as normas xerais e especiais do contrato de obras que o órgano de contratación determine no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, salvo as relativas á súa publicidade e procedemento de adxudicación que se acomodarán, en todo caso, ao contrato de subministración.

28. Cal das seguintes prestacións non está comprendida no catálogo do Sistema Nacional de Saúde?

- A) As correspondentes á Saúde pública.
- B) As correspondentes á atención de urxencias.
- C) As correspondentes á Saúde xeriátrica.
- D) As correspondentes á prestación farmacéutica.

29. Cal das seguintes afirmacións, relativas ás potestades administrativas, é falsa?

- A) A orixe das potestades administrativas áchase nunha relación xurídica e, a pesar diso, son inalienables, intransmisibles e irrenunciáveis.
- B) As potestades administrativas non posúen un obxecto específico e determinado.
- C) As potestades administrativas non se corresponden con ningún deber concreto dun suxeito pasivo obrigado.
- D) Son potestades administrativas: a potestade regulamentaria, a potestade imperativa ou de mando, a potestade executiva, a potestade sancionadora e a potestade xurisdicional.

30. Sinale a competencia cuxo exercicio non lle corresponde á Consellería de Sanidade, de acordo coa Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia:

- A) A aprobación da estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- B) A planificación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- C) A avaliación, en termos de saúde e actividade, do funcionamento do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) A proposta dos módulos económicos para a prestación dos servizos propios e a aprobación dos concertados.

31. Segundo a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, en relación ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, cal das seguintes afirmacións é falsa?

- A) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde é o órgano permanente de coordinación, cooperación, comunicación e información dos servizos de saúde entre eles e coa Administración do Estado, que ten como finalidade promover a cohesión do Sistema Nacional de Saúde a través da garantía efectiva e equitativa dos dereitos dos cidadáns en todo o territorio do Estado.
- B) A carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde aprobarase por Real Decreto, previo informe do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- C) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde está constituído polo Ministro de Sanidade e Consumo, os conselleiros competentes en materia de sanidade das Comunidades Autónomas, o Subsecretario de Sanidade e Consumo e o Director xeral de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección.
- D) A Vicepresidencia do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde é desempeñada por un dos conselleiros de Sanidade das Comunidades Autónomas.

32. Sinale a opción correcta:

- A) A sanidade en España é unha prestación non contributiva cuxo financiamento se realiza a través dos impostos e está incluída no financiamento xeral de cada Comunidade Autónoma.
- B) A sanidade en España é unha prestación contributiva cuxo financiamento se realiza a través dos impostos e está incluída no financiamento xeral de cada Comunidade Autónoma.
- C) A sanidade en España é unha prestación non contributiva cuxo financiamento se realiza a través dos impostos e non está incluída no financiamento xeral de cada Comunidade Autónoma.
- D) A sanidade en España é unha prestación contributiva cuxo financiamento se realiza a través dos impostos e non está incluída no financiamento xeral de cada Comunidade Autónoma.

33. Sinale a resposta correcta en relación ao control financeiro de ciclo continuo no ámbito do Servizo Galego de Saúde:

- A) Regula o réxime xurídico para o exercicio do control da actividade económico-financiera.
- B) Rexerese polo disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- C) Correspóndelle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- D) Todas son correctas.

34. Unha das seguintes afirmacións sobre os principios e regras da programación orzamentaria non está recollida no artigo 26 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria:

- A) A programación orzamentaria rexerese polo principio de estabilidade orzamentaria.
- B) A programación orzamentaria rexerese polo principio de harmonización fiscal.
- C) A programación orzamentaria rexerese polo principio de plurianualidade.
- D) A programación orzamentaria rexerese polo principio de transparencia.

35. De acordo coa Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, non é un obxectivo da formación continuada:

- A) Xeneralizar o coñecemento, por parte dos profesionais, dos aspectos científicos, técnicos, éticos, legais, sociais e económicos do sistema sanitario.
- B) Mellorar nos propios profesionais a percepción do seu papel social, como axentes individuais nun sistema xeral de atención de saúde e das exixencias éticas que elo comporta.
- C) Garantir a actualización dos coñecementos dos pacientes e a permanente mellora da súa cualificación, así como incentivalos durante a súa doenza e incrementar a súa motivación persoal.
- D) Posibilitar o establecemento de instrumentos de comunicación entre os profesionais sanitarios.

36. De acordo co artigo 126.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, respecto da colaboración en materia de educación e sanidade, sinale a afirmación correcta:

- A) As universidades deberán contar, polo menos, cun hospital e tres centros de atención primaria para o exercicio docente e investigador, concertados segundo o establecido polas disposicións vixentes.
- B) Os Concellos debrán contar, polo menos, cun hospital e tres centros de atención primaria para o exercicio docente e investigador, concertados segundo o establecido polas disposicións vixentes.
- C) As universidades deberán contar, polo menos, cun hospital e seis centros de atención especializada para o exercicio docente e investigador, concertados segundo o establecido polas disposicións vixentes.
- D) As universidades deberán contar, polo menos, cun hospital e un centro de atención primaria para o exercicio docente e investigador, concertados segundo o establecido polas disposicións vixentes.

37. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ¿cal das seguintes afirmacións é falsa?

- A) Os actos administrativos producidos por silencio administrativo poderanse facer valer tanto ante a Administración como ante calquera persoa.
- B) Os actos administrativos producidos por silencio administrativo producen efectos dende o vencemento do prazo máximo no que debe ditarse e notificarse a resolución expresa sen que a mesma háxase expedido.
- C) A existencia dos actos administrativos producidos por silencio administrativo pode ser acreditada por calquera medio de proba admitido en Dereito, incluído o certificado acreditativo do silencio producido.
- D) O certificado acreditativo do silencio producido só se expedirá a instancia do interesado e deberá emitirse polo órgano competente para resolver no prazo máximo de quince días.

38. De acordo coa Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, a atención primaria non comprenderá:

- A) A atención paliativa a enfermos terminais.
- B) A rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable.
- C) As actividades de información e vixilancia na protección da saúde.
- D) A atención á saúde bucodental.

39. Respecto dos métodos de amortización, indique a resposta correcta:

- A) O método lineal considera que a depreciación é constante no tempo e a vida útil do ben será igual á vida da empresa.
- B) O método de amortización crecente supón que o desgaste que se produce do ben é superior nos primeiros anos e que diminúe progresivamente co transcurso do tempo.
- C) O método de amortización decrecente determina cuotas de depreciación con diminución progresiva hacia os últimos anos de vida.
- D) O método de amortización sempre será lineal.

40. ¿De conformidade co establecido no artigo 12 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, de que prazo dispoñen as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo para presentaren a documentación acreditativa de cumpriren os requisitos esixidos na convocatoria?

- A) 10 días hábiles
- B) 30 días naturais
- C) 20 días
- D) 15 días

41. Segundo a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, as Administracións Públicas, a través dos seus Servizos de Saúde e dos Órganos competentes en cada caso, prestarán a asistencia sanitaria especializada que inclúe:

- A) A asistencia domiciliaria, a hospitalización e a rehabilitación.
- B) A asistencia domiciliaria, a hospitalización, a rehabilitación e as accións que tendan á promoción da saúde e á prevención da enfermidade do individuo e da comunidade.
- C) A asistencia domiciliaria, a hospitalización e a prestación dos produtos terapéuticos precisos.
- D) As accións curativas e rehabilitadoras.

42. O artigo 6 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, establece que atendendo ao nivel académico do título esixido para o ingreso, o persoal estatutario sanitario clasifícase en:

A) Persoal de formación universitaria: Licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde, Licenciados sanitarios, Diplomados con título de Especialista en Ciencias da Saúde, Diplomados sanitarios; Persoal de formación profesional (Técnicos superiores, Técnicos) e outro Persoal (categorías nas que se esixe certificación acreditativa dos anos cursados e das calificacións obtidas na Educación Secundaria Obrigatoria, ou título ou certificación equivalente).

B) Persoal de formación universitaria: Licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde, Licenciados sanitarios; Persoal de formación profesional (Técnicos superiores, Técnicos) e outro Persoal (categorías nas que se esixe certificación acreditativa dos anos cursados e das calificacións obtidas na Educación Secundaria Obrigatoria, ou título ou certificación equivalente).

C) Persoal de formación universitaria: Licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde, Licenciados sanitarios, Diplomados con título de Especialista en Ciencias da Saúde, Diplomados sanitarios; e Persoal de formación profesional (Técnicos superiores, Técnicos).

D) Persoal de formación universitaria: Licenciados con título de especialista en Ciencias da Saúde, Licenciados sanitarios, Diplomados con título de Especialista en Ciencias da Saúde, Diplomados sanitarios; e outro Persoal (categorías nas que se esixe certificación acreditativa dos anos cursados e das calificacións obtidas na Educación Secundaria Obrigatoria ou título ou certificación equivalente).

43. Cal dos seguintes órganos de dirección non forma parte da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde?

A) Dirección Xeral de Recursos Económicos.

B) Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

C) Dirección Xeral de Saúde Pública.

D) Dirección Xeral de Recursos Humanos.

44. O artigo 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle os principios xerais polos que as administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación, seleccionarán o persoal ao seu servizo. Cal dos seguintes non é un principio recollido no devandito artigo?

A) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e das persoas con discapacidade.

B) Planificación eficiente das necesidades de recursos e programación periódica das convocatorias.

C) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección.

D) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver.

45. A quen corresponde a aprobación do Plan de Saúde de Galicia?

A) Á persoa titular da Consellería de Sanidade.

B) Ao Consello da Xunta.

C) Á persoa titular da Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

D) Ao Consello Galego de Saúde.

46. Cal dos seguintes non é un dereito relacionado coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia?

- A) Dereito á utilización das vantaxes das novas tecnoloxías xenómicas dentro do marco legal vixente.
- B) Dereito á educación sanitaria e á información adecuada que propicien a adopción de hábitos e estilos de vida saudables.
- C) Dereito a aceptar a alta cando rematase o seu proceso asistencial, cando se comprobase que a situación clínica do ou da paciente non melloraría prolongando a súa estancia ou cando a complexidade do proceso aconselle o seu traslado a un centro de referencia.
- D) Dereito á continuidade asistencial, á coordinación e á integración das funcións asistenciais da atención primaria e hospitalaria.

47. A clasificación ABC é unha técnica que permite a segmentación das existencias sobre a base dunha distribución por valores, segundo o criterio e a información que se pretende obter. Nun exemplo aplicable á xestión de stocks:

- A) A clase A incluírá xeralmente os artigos que representan o 80% do valor total de stock e o 20% do total dos artigos.
- B) A clase B incluírá xeralmente os artigos que representan o 15% do valor total de stock e o 40% do total dos artigos.
- C) A clase C incluírá xeralmente os artigos que representan o 5% do valor total de stock e o 40% do total dos artigos.
- D) Todas as respostas son correctas.

48. Segundo o artigo 168 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

- A) A acción da Unión, que complementará as políticas nacionais, encamiñárase a mellorar a saúde pública, previr as enfermidades humanas e evitar as fontes de perigo para a saúde física e psíquica.
- B) A Unión fomentará a cooperación entre os Estados membros destinada a mellorar a complementariedade dos seus servizos de saúde nas rexións fronteirizas.
- C) A Unión e os Estados membros favorecerán a cooperación con terceiros países e as organizacións internacionais competentes en materia de saúde pública.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

49. Con respecto á carreira profesional, o artigo 118 da lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que os sistemas de carreira basearanse no recoñecemento do desenvolvemento profesional en canto a:

- A) O recoñecemento individual do grao de progreso acadado nas competencias definidas para cada categoría profesional a través da avaliación individual destas e do seu desempeño na Administración Sanitaria.
- B) O cumprimento dos obxectivos da organización e o recoñecemento individual do grao de progreso acadado nas competencias definidas para cada categoría profesional a través da avaliación individual destas e do seu desempeño na Administración Sanitaria.
- C) O recoñecemento individual do grao de progreso acadado nas competencias definidas para a categoría profesional a través da avaliación individual destas e a experiencia profesional na Administración Sanitaria.
- D) O cumprimento dos obxectivos da organización, dos coñecementos e da experiencia profesional na Administración Sanitaria.

50. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Salvo disposición expresa en contrario, os informes serán preceptivos e non vinculantes, debendo ser emitidos a través de medios electrónicos no prazo de dez días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor.
- B) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia poderán os interesados alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan paralización, infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poden ser emendados antes da resolución definitiva do asunto.
- C) Os prazos expresados por horas non poderán alcanzar as vinte e catro horas.
- D) Os procedementos administrativos tramitados de maneira simplificada deberán ser resoltos en trinta días.

51. O artigo 104 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia regula as auditoría e clases. Cal das seguintes auditorías non está recollida neste texto?

- A) Auditoría financeira.
- B) Auditoría de cumprimento.
- C) Auditoría fiscal.
- D) Auditoría de sistemas e procedementos.

52. Nas materias obxecto da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a transposición, o desenvolvemento e a execución da normativa comunitaria corresponde a:

- A) Ao Estado, por tratarse de normas que emanan dunha organización internacional.
- B) Á Xunta de Galicia, en todo caso.
- C) Á Xunta de Galicia naqueles ámbitos que sexan propios da súa competencia ao amparo do previsto na Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia.
- D) Á Xunta de Galicia naqueles ámbitos que sexan propios da súa competencia de conformidade co disposto no Tratado da Unión Europea e no Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

53. De conformidade co establecido no artigo 15 do V Convenio colectivo único para o Persoal laboral da Xunta de Galicia, o desempeño de funcións de categoría superior non pode exceder de:

- A) Seis meses consecutivos ou dez meses alternos
- B) Dez meses consecutivos ou dez meses alternos
- C) Trinta días nun ano
- D) Ningunha é correcta

54. Sinale a opción correcta:

- A) Será presidente/a do Servizo Galego de Saúde a persoa titular da Consellería de Sanidade.
- B) No Servizo Galego de Saúde non existe a figura do/a presidente/a. Só existe a do/a xerente do dito organismo autónomo.
- C) Será xerente do Servizo Galego de Saúde a persoa titular da Consellería de Sanidade.
- D) Todas as opcións son incorrectas.

55. Segundo a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia non está obrigada a publicar:

- A) Os criterios interpretativos dos órganos consultivos en materia de contratación.
- B) O número de vehículos dos que é arrendatario.
- C) Os textos de todas as resolucións xudiciais que afectan á vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

56. O titular da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol desestimou unha solicitude de reintegro de gastos farmacéuticos (produtos adquiridos en xaneiro do 2011) presentada o 05/6/2016 por resolución de 05/8/2016 por non acharse o medicamento en ningún dos supostos susceptibles de financiamento público. O 08/10/2018, no curso da tramitación doutra solicitude de reintegro de gastos farmacéuticos do mesmo paciente, a Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol constata que no expediente de reintegro de gastos solicitado no 2016 e que ascendía a 30.000 euros, a resolución desestimatoria de 05/08/2016 non lle foi notificada ao interesado no domicilio que indicara na solicitude iniciadora a efectos de notificacións. Que pode facer o titular da Xerencia para revisar de oficio a resolución de 05/08/2016?

- A) Declarar de oficio a súa nulidade debendo tramitarse o procedemento polas normas establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- B) Declarar a lesividade da resolución debendo tramitarse o procedemento polas normas establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- C) Revogar a resolución desfavorable para o interesado debendo tramitarse o procedemento polas normas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

57. Un hospital do Servizo Galego de Saúde necesita substituír a incapacidade temporal dunha das súas facultativas especialistas de área de picoloxía clínica, Amalia G. P., vinculada mediante nomeamento temporal de substitución da redución dun medio de xornada de Fernando S. P. Procederase do seguinte modo:

- A) O titular, Fernando, pasará a realizar a xornada completa en tanto dure a situación de incapacidade temporal de Amalia, ao ter manifestado o seu interese por reincorporarse á dita xornada
- B) Ao non ser de aplicación o pacto de vinculacións temporais en vigor, por tratarse da substitución dun facultativo especialista de área, formalizarase un nomeamento de substitución cun psicólogo que finalizou a súa residencia en formación ese mesmo ano, proposto polo xefe de servizo de Psiquiatría.
- C) Constatada a indispoñibilidade de profesionais con opción voluntaria á formalización de nomeamentos a tempo parcial nas listaxes de vinculacións temporais de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde en vigor, non é posible realizar a substitución de Amalia, polo que se organizarán entre os demais facultativos do servizo para cubrir a súa ausencia.
- D) Constatada a indispoñibilidade de profesionais con opción voluntaria á formalización de nomeamentos a tempo parcial nas listaxes de vinculacións temporais de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde en vigor, seleccionárase ao aspirante inscrito na listaxe da categoría de picoloxía clínica, con independencia da opción formulada e seguindo rigurosamente a orde de puntuación.

58. A señora Antonia López quere exercer o seu dereito á libre elección en atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Cal das seguintes prestacións estaría incluída na libre elección?

- A) A atención odontolóxica.
- B) A atención domiciliaria.
- C) A atención pediátrica.
- D) O transporte sanitario programado.

59. O Subdirector da Área de Recursos Económicos da Estrutura de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés, designado responsable do contrato do servizo de limpeza de diversos centros (centros de saúde e PAC´s) desa área sanitaria, constata, no exercicio do seu deber de supervisión da execución das prestacións que constitúen o obxecto do contrato, unha importante demora respecto ao cumprimento do prazo total, que opcións ten a Administración contratante en defecto de previsión respecto diso no prego de cláusulas administrativas particulares?

- A) Intimar ao contratista para a súa constitución en mora e, unha vez constituído, optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.
- B) Optar por resolver o contrato ou por impoñer penalidades que deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cen do prezo do contrato.
- C) Optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.
- D) Optar por resolver o contrato ou por impoñer penalidades que deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE incluído, nin o total destas superar o 50 por cen do prezo do contrato.

60. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no relativo ás garantías esixibles nos contratos administrativos, que decisión non pode adoptar o titular da Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo y Monforte de Lemos durante a preparación, a adxudicación e a execución dun contrato de subministración de bens consumibles cuxa entrega e recepción deba efectuarse antes do pago do prezo (expediente de contratación non centralizado que afecta unicamente a un centro da Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos)?

- A) Incluír no prego de cláusulas administrativas particulares, xustificándoo adecuadamente, unha cláusula na que se exima ao adxudicatario da obrigaón de constituír garantía definitiva.
- B) No caso de que se lle esixise ao licitador que presentase a mellor oferta a constitución dunha garantía definitiva e sobre esta fixésenne efectivas as penalidades ou indemnizacións esixibles ao contratista, obrigarlle a repoñer ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días dende a execución, incorrendo en caso contrario en causa de resolución.
- C) Admitir ás persoas ou entidades distintas do contratista que tivesen prestado garantías a favor deste a utilización do beneficio de excusión a que se refiren os artigos 1830 e concordantes do Código Civil.
- D) O titular da Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo y Monforte de Lemos non pode adoptar ningunha das decisións anteriores por tratarse dun contrato de subministración de bens consumibles cuxa entrega e recepción debe efectuarse antes do pago do prezo.

61. Un hospital adquiriu un equipo de mamografía por importe de 500.000 euros. O provedor aplicou un desconto do 10% e o custo do transporte foi de 5.000 euros. Determinar o importe da valoración aplicando os criterios de valoración do inmovilizado material. Seleccione a resposta correcta.

- A) 450.000 euros.
- B) 455.000 euros
- C) 500.000 euros.
- D) Ningunha resposta é correcta.

62. María V. M., persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, con praza en propiedade na categoría de Grupo Xestión da función Administrativa dende o 15/12/2015, praza que obtivo tras ter participado pola quenda de promoción interna dun concurso oposición convocado en virtude do Decreto 206/2005 de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Con data 01/12/2018 incorporárase nun posto equivalente ao que vén ocupando actualmente, mediante un contrato laboral indefinido, nunha empresa privada de ámbito internacional na que xa está traballando o seu cónxuxe, situada en Madrid. En que situación administrativa quedará a súa praza no Servizo Galego de Saúde?

A) Ten que renunciar á súa praza en propiedade, ao non poder acollerse a unha excedencia voluntaria por non ter prestado servizos na cateoría do Grupo Xestión da función Administrativa os cinco anos inmediatamente anteriores.

B) Concederáselle unha excedencia voluntaria por agrupación familiar, por cumprirse o requisito de ter ao seu cónxuxe residindo noutra localidade fóra do ámbito do nomeamento da interesada.

C) Declararáselle en situación de excedencia voluntaria por interese particular, unha vez constatado que se cumpren todos os requisitos legais para a súa concesión.

D) Declararáselle en situación de servizos especiais, ao tratarse dun suposto establecido con carácter xeral para os funcionarios públicos.

63. Graciela M. M., enfermeira con nomeamento estatutario temporal nun hospital do Servizo Galego de Saúde dende o 11 de setembro de 2018 no servizo de urxencias, realizou as seguintes quendas de traballo: as noites do martes 11, xoves 13, sábado 15 e domingo 23 de setembro en horario de 22:00 horas a 08:00 horas, e as tardes do mércores 19 ao domingo 23, día en que finalizou o seu nomeamento, en horario de 15:00 horas a 22:00 horas. Como se lle retribuirá a atención continuada realizada nese nomeamento temporal?

A) Aboaráselle a contía correspondente a 3 módulos da modalidade A (servizo noite), 1 módulo da modalidade B (servizo domingos e festivos) e 1 módulo da modalidade C (servizo noite de sábados e véspera de festivos), establecidos na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia en vigor, para o persoal non facultativo.

B) Percibirá a contía correspondente a 2 módulos da modalidade A (servizo noite), 2 módulos da modalidade B (servizo domingos e festivos) e 1 módulo da modalidade C (servizo noite de sábados e véspera de festivos), establecidos na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia en vigor, para o persoal non facultativo.

C) Percibirá a contía correspondente a 3 módulos de nocturnidade, 1 módulo de nocturnidade de sábado e véspera de festivo e 1 módulo de festividade, así como o importe da xornada complementaria resultante, establecido na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia en vigor, para o persoal de enfermería dos puntos de atención continuada.

D) Percibirá a contía correspondente a 2 módulos de nocturnidade, 1 módulo de nocturnidade de sábado e véspera de festivo e 2 módulos de festividade, así como o importe da xornada complementaria resultante, establecido na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia en vigor, para o persoal de enfermería dos puntos de atención continuada.

64. O titular da Consellería de Sanidade autoriza unha transferencia de crédito entre as aplicacións 1102.411A.220.00 e 1101.411A.225 por importe de 1.000 euros. Para autorizar esta transferencia necesita previamente informe de:

A) A Intervención Delegada da Consellería de Facenda.

B) A Intervención Delegada da Consellería de Sanidade.

C) A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

D) Non necesita ningún informe, por tratarse de créditos do capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos".

65. Adrián V.S. é un traballador dunha empresa privada inscrito no réxime xeral da seguridade social que ata o 18/09/2018 estivo en situación de Incapacidade temporal derivada de enfermidade común. Agotado o prazo de 365 días, o Instituto Nacional da Seguridade Social emitiu a alta médica a todos os efectos. Transcorridos 30 días, o traballador sofre unha recaída no seu proceso de enfermidade, polo que acode ao seu centro de saúde e o médico de familia expide un novo parte médico de baixa por recaída con data 18/10/2018. Que duración poderá ter como máximo esta nova situación de incapacidade temporal?

A) Poderá durar 180 días máis, contados dende a data de expedición da nova baixa médica. Neste prazo o Instituto Nacional da Seguridade Social determinará a iniciación dun expediente de incapacidade permanente, ou ben emitirá a alta médica por curación.

B) A suma destes dous procesos de Incapacidade Temporal poderán acadar o prazo máximo de 545 días naturais. A incapacidade temporal finalizará pola alta médica por curación ou melloría que permita ao traballador realizar o seu traballo habitual ou por ser dado de alta con ou sen declaración de incapacidade permanente.

C) Poderá durar 365 días, prorrogables 180 días máis. Neste prazo, o Instituto Nacional da Seguridade Social determinará a iniciación dun expediente de incapacidade permanente, ou ben emitirá a alta médica por curación.

D) O Instituto Nacional da Seguridade Social é o único competente para emitir unha nova baixa médica, nesta situación de incapacidade temporal pola mesma patoloxía, durante os 180 días naturais posteriores á anterior alta médica. A baixa do 18/10/2018 non terá efectos.

66. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, no relativo ás prohibicións de contratar, cal das circunstancias que se enumeran constitúe unha prohibición de contratar que non pode ser apreciada directamente polo titular da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, na súa condición de órgano de contratación no expediente tramitado para a adxudicación do contrato do servizo de limpeza de diversos centros (centros de saúde e PAC´ s) desa área sanitaria, requirindo para a determinación do seu alcance e duración da instrución do correspondente procedemento polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia?

A) Incumprir o licitador unha cláusula esencial do contrato aínda que o devandito incumprimento non fose definido nos pregos ou no contrato como infracción grave.

B) Incurrir o licitador en falsidade ao facilitar calquera datos relativos á súa capacidade e solvencia.

C) Estar afectado o licitador por unha prohibición de contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme, con arranxo ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

D) Ter solicitado o licitador a declaración de concurso voluntario.

67. O crédito consignado no estado de gastos da Consellería de Sanidade no exercicio 2018, 1101.413A.227.06 "Estudos e traballos técnicos", con que aplicación vincula?

A) 1101.413A.227.99 "Outros traballos realizados por outras empresas"

B) 1101.413A.221.03 "Combustibles"

C) 1101.413A.227.06 "Estudos e traballos técnicos"

D) 1101.413A.227.04 "Custodia, depósito e almacenaxe"

68. Ante unha situación de divorcio, o/a cónxuxe que aparecía a cargo do outro/a como persoa beneficiaria da Seguridade Social, cando non perderá o dereito á asistencia sanitaria?

- A) En ningún caso se perde este dereito, unha vez que se adquiriu.
- B) Non se perde o dereito á asistencia sanitaria nos casos de separación. Nos supostos de divorcio si se perdería o dito dereito.
- C) Non se perde o dereito mentres figure na cartilla de asistencia sanitaria da persoa beneficiaria.
- D) Non se perde ese dereito sempre que non se teña dereito á asistencia sanitaria por outra vía e se figure na cartilla de asistencia sanitaria da persoa beneficiaria.

69. Xosé R. A., persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, con praza en propiedade nas categorías de Persoal de Servizos Xerais e de grupo Auxiliar da función Administrativa (esta última en excedencia), foi declarado en situación de incapacidade permanente total para a profesión habitual con data de efectos 15/01/2017, por resolución do Instituto Nacional de la Seguridad Social. Con data de efectos 16/07/2018 ese mesmo organismo ditou unha nova resolución pola que declarou ao traballador apto para a súa profesión habitual. Como se resolveu administrativamente a situación deste traballador?

- A) Ao ter perdido a condición de persoal estatutario fixo, con data de efectos 15/01/2017, xa non foi posible a súa reincorporación ao posto de traballo con data 16/07/2018.
- B) Ao tratarse dunha situación de incapacidade permanente total, a inhabilitación só tivo efectos na categoría de Persoal de Servizos Xerais, polo que con data 15/01/2017 incorporouse cunha promoción interna á categoría de grupo Auxiliar da función Administrativa e con data 17/07/2018 volveu a incorporarse na súa categoría de Persoal de Servizos Xerais.
- C) O 15/01/2017 perdeu a condición de persoal estatutario fixo na categoría de Persoal de Servizos Xerais, e con data 16/07/2018 reingresou ao mesmo posto de traballo que ocupaba antes da declaración da incapacidade, recuperando a condición de persoal estatutario fixo.
- D) O 15/01/2017 perdeu a condición de persoal estatutario fixo nas categorías de Persoal de Servizos Xerais e de grupo Auxiliar da función Administrativa e con data 16/07/201 se reincorporou na categoría de grupo Auxiliar da función Administrativa por estar cuberto con persoal interino o posto de traballo da categoría de Persoal de Servizos Xerais que ocupaba antes da declaración da incapacidade, recuperando a condición de persoal estatutario fixo.

70. No Servizo Galego de Saúde é necesario incrementar o importe de produtos farmacéuticos procedentes de recetas médicas (1501.412B.489.0) en 100.000 €. Segundo o Texto refundido de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que tipo de modificación procede?

- A) Unha transferencia de crédito dende a aplicación 1501.412B.221.06 "Produtos farmacéuticos e material sanitario" por 100.000 €.
- B) Non hai que realizar ningunha modificación de crédito, porque existe crédito por máis de 100.000 € a nivel de vinculación na aplicación 1501.412A.480.6 "Prótese".
- C) Unha transferencia de crédito dende calquera aplicación orzamentaria que teña crédito dispoñible por 100.000 €.
- D) Unha ampliación de crédito financiada co crédito da aplicación 1501.412A.480.6 "Prótese" por 100.000 €.

71. A doutora Vidal traballa por conta allea na institución sanitaria privada SA2. Un día, durante un receso, unha compañeira asegúralle que as historias clínicas que elaboran derivadas da súa asistencia directa aos pacientes son propiedade deses pacientes. Sinale a afirmación correcta:

- A) A compañeira da doutora Vidal equivócase, xa que a historia clínica sería propiedade da persoa facultativa que a elaborou.
- B) A compañeira da doutora Vidal equivócase na súa afirmación, xa que neste caso a historia clínica é propiedade da institución sanitaria para a que traballan.
- C) A compañeira da doutora Vidal ten razón xa que a historia clínica é propiedade dos/as pacientes, ao conter datos relativos á súa saúde.
- D) A compañeira da doutora Vidal ten razón en parte na súa afirmación, dado que, de acordo coa normatiba vixente, a historia clínica é copropiedade da persoa facultativa que a elabora e do paciente cuxos datos figuran nela.

72. O señor Castelo debe someterse a unha intervención cirúrxica de estómago. Con anterioridade á operación o persoal facultativo explícalle os riscos que derivan desa intervención e das posibles alternativas de xeito verbal. É correcta esta actuación?

- A) Si, xa que de acordo coa Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica o consentimento informado será verbal nunha situación clínica como a descrita.
- B) Si, xa que de acordo coa Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica o consentimento informado será verbal sempre.
- C) Non, xa que de acordo coa Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica prestarase o consentimento informado por escrito en casos de intervencións cirúrxicas.
- D) Si, xa que bastaría con que figure nas anotacións clínicas que ao señor Castelo proporcionóuselle de xeito verbal a información sobre os riscos que implica esa cirurxía e as posibles alternativas.

73. A quen lle corresponde realizar o control externo da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia?:

- A) A auditorías externas debidamente acreditadas.
- B) Á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) Ao Parlamento, ao Consello de Contas e, no seu caso, ao Tribunal de Contas.
- D) Ao Tribunal de Contas.

74. O titular da Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos resolve, por delegación, prorrogar un permiso a un Técnico de Coidados Auxiliares de Enfermería que presta servizos no Hospital Universitario Lucus Augusti e faino de forma verbal, trasladándollo ao Director da Área de Recursos Humanos da Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos. Que debe facer o Director da Área de Recursos Humanos?

- A) Efectuar a constancia escrita do acto e asinala, sen expresar na comunicación do mesmo a autoridade da que procede.
- B) Efectuar a constancia escrita do acto e asinala, expresando na comunicación do mesmo a autoridade da que procede.
- C) Efectuar a constancia escrita do acto e eleva-la ao titular da Xerencia de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos para a súa firma.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

75. Esperanza P.M., persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde que se reincorporou ao seu posto dunha situación de excedencia por coidado de fillos o 01/07/2018, iniciou un proceso de incapacidade temporal o 05/08/2018, que finalizou o 25/08/2018. A traballadora percibe retribucións mensuais, conforme ao establecido na orde pola que se ditan instrucións para a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2018. Como afecta a situación de Incapacidade Temporal á cotización á Seguridade Social?

- A) Durante o proceso de incapacidade temporal permanece a obriga de cotizar e a base diaria de cotización apliable, tanto a continxencias comúns como profesionais, calcularase dividindo a base de cotización do mes de xullo entre 30. A base diaria multiplicarase polos 21 días da incapacidade temporal. Os 9 días restantes, cotizarán pola base de cotización do mes de agosto.
- B) Durante o proceso de incapacidade temporal a traballadora percibirá a prestación da Seguridade Social. Nesta situación non permanece a obriga de cotizar. Cotizará 9 días pola base de cotización do mes de agosto, tanto a continxencias comúns como profesionais.
- C) Durante o proceso de incapacidade temporal permanece a obriga de cotizar e a base diaria de cotización aplicable, tanto a continxencias comúns como profesionais, calcularase dividindo a base de cotización do mes de xullo entre os 31 días do mes. A base diaria multiplicarase polos 21 días da incapacidade temporal. Os 10 días restantes do mes de agosto, cotizarán pola base de cotización do mesmo mes.
- D) Durante o proceso de incapacidade temporal a traballadora percibirá a prestación da Seguridade Social. Cotizará os 30 días pola base de cotización do mes de agosto, tanto a continxencias comúns como profesionais.

76. O Servizo Galego de Saúde licitou a prestación de servizos sanitarios con cargo á aplicación 1571.412A.252.03 "Concertos con entidades privadas" por un período de 4 anos. O importe do crédito inicial no subconcepto 252.03 era de 5.000.000 euros e a nivel de vinculación era de 10.000.000 euros. Cal é o gasto que se pode comprometer no exercicio inmediatamente seguinte ao da licitación do contrato?

- A) 3.500.000 euros
- B) 3.000.000 euros
- C) 7.000.000 euros
- D) 6.000.00 euros

77. Segundo a Disposición final quinta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando finalizou o prazo do que dispoñía a Comunidade Autónoma de Galicia para adecuar á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas as súas normas reguladoras dos distintos procedementos normativos incompatibles co previsto naquela?

- A) O 2/10/2017.
- B) O 3/10/2017.
- C) O 2/10/2018.
- D) O 3/10/2018.

78. Inés L.F., que está embarazada, encóntrase na semana 35 de xestación e por iso, a unidade de prevención de riscos laborais do seu centro de traballo, evalou os riscos do seu posto, en cumprimento coa lexislación vixente. Unha vez constatado que no seu centro de traballo non resulta posible a adaptación das condicións de traballo para que non inflúan negativamente á súa saúde nin á do feto, e non habendo categoría similar que poida exercer. Que se debe facer nesa situación?

A) Poderá declararse a situación de suspensión do seu contrato por risco durante o embarazo durante o período necesario para a protección da súa seguridade ou da súa saúde e mentres persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto anterior ou a outro posto compatible co seu estado. A prestación correspondente á situación de risco durante o embarazo terá a natureza de prestación derivada de continxencias non profesionais. A prestación económica consistirá nun subsidio equivalente ao 75 por cento da base reguladora correspondente.

B) Poderá declararse a situación de suspensión do seu contrato por risco durante o embarazo durante o período necesario para a protección da súa seguridade ou da súa saúde e mentres persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto anterior ou a outro posto compatible co seu estado. A prestación correspondente á situación de risco durante o embarazo terá a natureza de prestación derivada de continxencias profesionais. A prestación económica consistirá nun subsidio equivalente ao 75 por cento da base reguladora correspondente.

C) Poderá declararse a situación de suspensión do seu contrato por risco durante o embarazo durante o período necesario para a protección da súa seguridade ou da súa saúde e mentres persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto anterior ou a outro posto compatible co seu estado. A prestación correspondente á situación de risco durante o embarazo terá a natureza de prestación derivada de continxencias profesionais. A prestación económica consistirá nun subsidio equivalente ao 100 por cento da base reguladora correspondente.

D) Poderá declararse a situación de suspensión do seu contrato por risco durante o embarazo durante o período necesario para a protección da súa seguridade ou da súa saúde e mentres persista a imposibilidade de reincorporarse ao seu posto anterior ou a outro posto compatible co seu estado. A prestación correspondente á situación de risco durante o embarazo terá a natureza de prestación derivada de continxencias non profesionais. A prestación económica consistirá nun subsidio equivalente ao 100 por cento da base reguladora correspondente.

79. O 25 de setembro de 2016, o Servizo Galego de Saúde notifica a factura correspondente á asistencia sanitaria prestada a Don Pedro Castroforte de Baralla, polo que lle esixe que aboe ao Servizo Galego de Saúde 300 €. O dereito prescribe:

A) O 25 de setembro de 2018.

B) O 25 de setembro de 2019.

C) O 25 de setembro de 2020.

D) O 25 de setembro de 2021.

80. Supoñamos que o orzamento da Consellería de Sanidade para este exercicio é de 3.000 (millóns de €) e o do Servizo Galego de Saúde é de 3.100 (millóns de euros). Se as transferencias de financiamento da Consellería ao Servizo Galego de Saúde son de 2.900 (millóns de euros). Cal será o orzamento consolidado da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde?.

A) 3.200 millóns de euros.

B) 6.100 millóns de euros.

C) 8.000 millóns de euros.

D) 3.100 millóns de euros.

81. Segundo a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, é recurrible unha resolución expresa en materia de acceso a información pública do Consello Galego de Relacións Laborais na que o Servizo Galego de saúde ostenta a condición de terceiro interesado?

- A) Non.
- B) Si, cabe reclamación ante o Valedor do Pobo.
- C) Si, cabe a interposición de recurso de alzada.
- D) Si, cabe a interposición de recurso contencioso – administrativo.

82. O Servizo Galego de Saúde necesita incrementar a aplicación 5001.414A.640.1 "Gastos en investimentos de carácter inmaterial". Esta aplicación xa fora diminuída en 10.000 euros para financiar a aplicación 5001.414A.628,1 "Outro inmovilizado material." Sinale a resposta correcta:

- A) Non se pode incrementar o crédito porque xa foi minorado mediante transferencia.
- B) Solamente se pode incrementar dende a aplicación 5001.414A.628.1
- C) Solamente se pode incrementar se se financia dende unha aplicación que afecte a créditos de persoal.
- D) Ningunha resposta é correcta.

83. Aurora R.N. incorporouse ao seu primeiro emprego o 18/10/2018 nunha empresa privada cun contrato laboral de 3 meses. O 20/10/2018 sufriu un accidente nas instalacións do seu centro de traballo, dentro da súa xornada laboral, mentres realizaba funcións alleas ás propias da súa categoría, cumprindo unha orde do seu xefe directo. Como consecuencia das lesións ocasionadas no accidente, debe manter repouso domiciliario durante un período de 8 días. Ese mesmo día do accidente, o empresario remitiu a comunicación da alta á Seguridade Social. En que situación laboral se encontrou Aurora como consecuencia do accidente?

- A) En situación de incapacidade temporal por accidente laboral, producida dentro do período de proba establecido no seu contrato que provocou o cesamento na empresa, por non poder continuar a prestación de servizos. Á finalización desta situación, foi dada de alta de novo na empresa.
- B) En situación de incapacidade temporal por accidente non laboral, porque no momento do accidente non realizaba tarefas propias da súa categoría profesional, en virtude do establecido no artigo 156 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
- C) En situación de incapacidade temporal por accidente de traballo, sen dereito á prestación económica da Seguridade Social, por non cumprir o requisito do período mínimo de cotización establecido no artigo 172 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.
- D) En situación de incapacidade temporal por accidente de traballo, con dereito á prestación económica da Seguridade Social, pese a que o empresario non cumpriu o prazo establecido legalmente para a comunicación da alta á Seguridade Social, sen prexuízo das responsabilidades nas que este tivese incorrido.

84. Dona Carmen, funcionaria do Grupo de Xestión da Función Administrativa é nomeada presidenta dun tribunal cualificador de probas selectivas para o ingreso nas Administracións Públicas. Tería que solicitar a autorización de compatibilidade?

- A) Si, ao tratarse dunha contravención do principio xeral consistente na dedicación do persoal ao servizo da Administración a un só posto de traballo.
- B) Si, xa que é un posto polo que recibirá unha retribución adicional.
- C) Non. Trátase dunha das actividades que a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas exceptúa do réxime de incompatibilidades.
- D) Dependerá das instrucións que cada ano ao respecto dita a Dirección Xeral de Función Pública da Consellería de Facenda.

85. Contra unha Orde con natureza de disposición de carácter xeral aprobada polo conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia:

- A) Poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- B) Só cabe interpoñer polo interesados recurso de alzada.
- C) Só cabe interpoñer polo interesados recurso potestativo de reposición.
- D) Non cabe recurso en vía administrativa.

86. O Hospital Virxe da Xunqueira de Cee a que Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) pertence?

- A) Á EOXI de Santiago de Compostela.
- B) Á EOXI da Coruña.
- C) Á EOXI de Ferrol.
- D) Á EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

87. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en defecto de previsión nos pregos, que criterios debe aplicar a mesa de contratación constituída para asistir a un órgano de contratación da Administración contratante Servizo Galego de Saúde á hora de resolver o empate entre varias ofertas, tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato, e en que orde debe aplicalos?

A) A) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal. B) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas. C) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas. D) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

B) A) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal. B) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas. C) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas. D) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

C) A) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal. B) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas. C) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

D) A) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal. B) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas. C) Maior porcentaxe de implantación de plans de protección e mellora ambiental. D) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

88. A Xunta de Galicia realiza unha operación de endebedamento de 10.000.000 € por un prazo superior a un ano. Este endebedamento pódese destinar a:

- A) Aboar os gastos de persoal da Xunta de Galicia, nunha contía non superior ao 25% do endebedamento.
- B) Á compra de medicamentos, na súa totalidade.
- C) Á construción de centros de saúde
- D) Calquera tipo de gasto incluído nos orzamentos xerais.

89. O Servizo Galego de Saúde convocou a licitación dun contrato de obras para a construción dun centro de saúde por un valor estimado de 1.500.000 euros. Unha vez valoradas as ofertas presentadas e cumpridos todos os trámites da normativa contractual do Sector Público o órgano de contratación adxudica a obra á empresa CONSTRUHOSGAL, S.L. por importe de 1.300.000 euros. Que documento hai que realizar coa adxudicación do contrato e por que importe?

- A) Un documento A por importe de 1.500.000 euros.
- B) Un documento O por importe de 1.500.000 euros.
- C) Un documento AD por importe 1.300.000 euros.
- D) Un documento D por 1.300.000 euros.

90. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- A) Cando deban resolverse unha pluralidade de recursos administrativos que traian causa dun mesmo acto administrativo e interpúxose un recurso xudicial contra unha resolución administrativa ou ben contra o correspondente acto presunto desestimatorio, o órgano administrativo poderá acordar a suspensión do prazo para resolver ata a admisión a trámite do escrito de interposición do recurso contencioso – administrativo.
- B) Cando deban resolverse unha pluralidade de recursos administrativos que traian causa dun mesmo acto administrativo e interpúxose un recurso xudicial contra unha resolución administrativa ou ben contra o correspondente acto presunto desestimatorio, o órgano administrativo poderá acordar a suspensión do prazo para resolver ata a admisión a trámite da demanda do recurso contencioso – administrativo.
- C) Cando deban resolverse unha pluralidade de recursos administrativos que traian causa dun mesmo acto administrativo e interpúxose un recurso xudicial contra unha resolución administrativa ou ben contra o correspondente acto presunto desestimatorio, o órgano administrativo poderá acordar a suspensión do prazo para resolver ata que recaia pronunciamento xudicial.
- D) Cando deban resolverse unha pluralidade de recursos administrativos que traian causa dun mesmo acto administrativo e interpúxose un recurso xudicial contra unha resolución administrativa ou ben contra o correspondente acto presunto desestimatorio, o órgano administrativo poderá acordar a suspensión do prazo para resolver e o acordo de suspensión deberá ser notificado aos interesados, quen non poderán recorrelo.

91. Ante a inminente formalización por parte do Servizo Galego de Saúde dun convenio de colaboración cunha asociación de carácter sociosanitario, quen debería asinalo en nome do dito organismo autónomo con carácter xeral?

- A) O/A presidente/a do Servizo Galego de Saúde.
- B) O/A presidente/a do Servizo Galego de Saúde, previa autorización da persoa titular da Consellería con competencias en materia de sanidade.
- C) O/A xerente do Servizo Galego de Saúde.
- D) O/A director/a de Asistencia Sanitaria.

92. A señora Asunción Vidal solicitou a autorización de compatibilidade para unha actividade susceptible do dito recoñecemento. Que requisito debería cumprir dos seguintes para que lle sexa, no seu caso, concedida?

- A) O horario que realiza na actividade para a que solicita a compatibilidade é superior a dezoito horas e media semanais.
- B) A renuncia previa á percepción dos trienios que ten consolidados.
- C) A renuncia previa á percepción do complemento específico.
- D) A actividade para a que solicita a compatibilidade debe ser de natureza pública ou por encargo dunha Administración pública.

93. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación aos expedientes de contratación obxecto de tramitación urxente e de emerxencia da Administración contratante Servizo Galego de Saúde, cal das seguintes afirmacións é correcta?

- A) Os expedientes obxecto de tramitación de emerxencia gozarán de preferencia para o seu despacho polas Asesorías Xurídicas do Servizo Galego de Saúde e polos outros órganos que interveñan na tramitación, que dispoñerán dun prazo de cinco días para emitir os respectivos informes ou cumprimentar os trámites correspondentes.
- B) O prazo de inicio da execución dun contrato obxecto de tramitación urxente non poderá exceder dun mes, contado dende a adxudicación.
- C) Nos casos de declaración de urxencia do expediente de contratación no que o procedemento de adxudicación utilizado sexa o procedemento aberto simplificado non se producirá a redución á metade dos prazos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato.
- D) O prazo de inicio da execución dun contrato obxecto de tramitación de emerxencia non poderá exceder dun mes, contado dende a formalización.

94. Rosa A.P., matrona inscrita na listaxe de vinculacións temporais do Servizo Galego de Saúde, prestou servizos nun centro de saúde, cun nomeamento temporal de dous meses de duración. Non foi quen de gozar as vacacións correspondentes a ese vínculo, no que percibiu as retribucións mensuais da súa categoría profesional. Como repercutiu este nomeamento na súa vida laboral, a efectos de afiliación á seguridade social?

- A) Por este nomeamento permanecerá de alta no réxime xeral da seguridade social un total de 60 días e en situación asimilada á alta os 3 días de vacacións non gozadas, polos que se practicará a oportuna liquidación e cotización.
- B) Por este nomeamento permanecerá de alta no réxime xeral da seguridade social durante o total de días comprendidos entre a data de inicio e fin do nomeamento (ambos incluídos), e en situación asimilada á alta os 5 días de vacacións non gozadas, polos que se practicará a oportuna liquidación e cotización.
- C) Por este nomeamento permanecerá de alta no réxime xeral da seguridade social un total de 60 días. Os períodos de vacacións non gozadas non son obxecto de cotización.
- D) Por este nomeamento permanecerá de alta no réxime xeral da seguridade social durante o total de días comprendidos entre a data de inicio e fin do nomeamento (ambos incluídos). Os períodos de vacacións non gozadas non son obxecto de cotización.

95. Don Pedro, funcionario da Xunta de Galicia, reunindo os demais requisitos da Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas, pode traballar como...

- A) Profesor universitario asociado.
- B) Profesor universitario contratado.
- C) Profesor universitario científico.
- D) Profesor universitario emérito.

96. Francisco P. G., persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, con praza en propiedade na categoría de grupo técnico da función administrativa dende o 16/07/2016, solicitou, no momento da súa incorporación a súa praza en propiedade, o recoñecemento de servizos previos a efectos de trienios. Por iso, se lle recoñeceron os servizos prestados dende o 01/06/2007 ata o 31/05/2012, con nomeamento estatutario temporal na categoría de grupo Auxiliar da función Administrativa, e dende o 01/06/2012 ata o 15/07/2015, con nomeamento estatutario temporal na categoría de grupo Xestión da función Administrativa. Como se lle aboarán os trienios na súa nómina do mes de outubro de 2018 e cando perfeccionará o seguinte trienio?

A) Percibirá 3 trienios polo importe do grupo A1 establecido na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia en vigor. O seguinte trienio perfeccionarao o 16/07/2021.

B) Percibirá 3 trienios polo importe do grupo A1 establecido na orde pola que se ditan instrucións sobre a confeccións de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia en vigor. O seguinte trienio perfeccionarao o 01/06/2019.

C) Percibirá 1 trienio polo importe do grupo C2, 1 trienio polo importe do grupo A2 e 1 trienio polo importe do grupo A1, establecidos na orde pola que se ditan instrucións sobre a confeccións de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia en vigor. O seguinte trienio perfeccionarao o 16/07/2021.

D) Percibirá 1 trienio polo importe do grupo C2, 1 trienio polo importe do grupo A2 e 1 trienio polo importe do grupo A1, establecidos na orde pola que se ditan instrucións sobre a confeccións de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia en vigor. O seguinte trienio perfeccionarao o 01/06/2019.

97. Partindo do suposto de que un membro titular do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría de médico/a de familia de atención primaria convocado por resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde é recusado por estar asociado para o asesoramento cun dos aspirantes, cal das seguintes afirmacións é correcta?

A) O estar asociado para o asesoramento non é causa de abstención nin recusación, só o é o estar asociado para a representación ou o mandato.

B) A concorrencia da causa de recusación implica, necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos que integran o proceso selectivo e nos que interveu o recusado.

C) Negando o membro do tribunal cualificador a causa de recusación, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde debe resolver no prazo de cinco días, previos os informes e comprobacións que considere oportunos.

D) Contra a resolución adoptada en materia de recusación non cabe recurso.

98. O titular da Xerencia Executiva de Monforte de Lemos adxudica o contrato do servizo de desratización, desinsectación e desinfección dos centros desa área sanitaria ao licitador que fixo a mellor oferta (expediente de contratación non centralizado). No curso da tramitación dese procedemento de adxudicación requiríuselle a ese licitador a presentación da documentación relacionada no artigo 150.2.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. En concreto, esixíuselle a constitución dunha garantía definitiva por un importe do 5 por 100 do presuposto base de licitación, excluído o IVE. O valor estimado do contrato é de 35.000 euros. Concorre algún vicio de legalidade nos actos do procedemento de adxudicación do contrato descritos?

A) Non, os actos do procedemento de adxudicación descritos son válidos.

B) Si, vicios de nulidade e anulabilidade.

C) Si, un vicio de nulidade.

D) Si, un vicio de anulabilidade.

99. Juan F.F., persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, nunha categoría pertencente ao grupo C1, o venres 1 de xuño de 2018 iniciou unha situación de promoción interna temporal nunha categoría pertencente ao grupo A2. Ata esa data sempre prestara servizos no grupo C1. Como se lle liquidou a paga extraordinaria de xuño?

- A) Liquidóuselle polo importe de soldo e trienios do grupo C1, que se recolle para cada unha das pagas extraordinarias na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración Autonómica para o ano 2018 e unha mensualidade de complemento específico.
- B) Liquidóuselle polo importe de soldo e trienios do grupo A2, que se recolle para cada unha das pagas extraordinarias na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración Autonómica para o ano 2018 e unha mensualidade de complemento específico.
- C) Liquidóuselle polo importe de soldo e trienios do grupo C1, que se recolle para cada unha das pagas extraordinarias na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración Autonómica para o ano 2018 e unha mensualidade de complemento de destino.
- D) Liquidóuselle polo importe de soldo e trienios do grupo A2, que se recolle para cada unha das pagas extraordinarias na orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración Autonómica para o ano 2018 e unha mensualidade de complemento de destino.

100. O Servizo Galego de Saúde ingresou 1.000 euros por prestacións de servizos sanitarios. Que tipo de documento de ingresos habería que realizar tendo en conta que xa se tiña contraído o recurso?.

- A) Habería que realizar un documento ICI (compromiso de ingresos)
- B) Habería que realizar un documento ICR
- C) Habería que realizar un documento ICC (Recoñecemento de dereitos de contraído previo)
- D) Habería que realizar un documento ICCR (ingreso)

101. O Servizo Galego de Saúde convocou a licitación dun contrato de obras para a construción dun centro de saúde por un valor estimado de 1.500.000 euros. Unha vez valoradas as ofertas presentadas e cumpridos todos os trámites da normativa contractual do Sector Público o órgano de contratación adxudica a obra á empresa CONSTRUHOSGAL, S.L. por importe de 1.300.000 euros. Que documento hai que realizar coa adxudicación do contrato?

- A) Un documento A.
- B) Un documento D.
- C) Un documento AD.
- D) Un documento O.

102. A elaboración dos orzamentos da Consellería de Sanidade correspóndelle a:

- A) Á Consellería de Facenda.
- B) Á Consellería de Economía, Emprego e Industria.
- C) Ao Consello da Xunta de Galicia
- D) Á propia Consellería de Sanidade.

103. Un centro hospitalario necesita comprar produtos farmacéuticos por valor de 30.000 euros co obxecto de poder manter o seu nivel de stock. Neste exercicio 2018 non existe saldo de crédito suficiente a nivel de vinculación (solo hai 15.000 euros). O centro de gasto propón unha modificación de crédito dende a aplicación 3600.412B.221.00 á aplicación 3600.412A.221.06. Que tipo de modificación deberá tramitarse e cal é o órgano competente para a súa autorización?

- A) Tramitarse unha transferencia de crédito e o órgano competente para autorizala é o conselleiro de Facenda.
- B) Tramitarse unha transferencia de crédito e o órgano competente para autorizala é o conselleiro de Sanidade.
- C) Tramitarse unha ampliación de crédito e o órgano competente para autorizala é o conselleiro de Facenda.
- D) Non é necesario tramitar ningunha modificación porque ambas aplicacións vinculan entre sí.

104. Andrea F.M., persoal estatutario con nomeamento interino dende o 01/01/2018 no Servizo Galego de Saúde na categoría de enfermeira especialista de saúde mental, solicita un permiso retribuído para a asistencia a un curso de especialización profesional, que ademais de ter relación directa coas funcións dos servizos sanitarios, é de interese relevante para o Servizo Galego de Saúde. É posible a concesión do permiso solicitado?

- A) Non se lle poderá conceder ningún permiso por esta causa, ao non ser persoal estatutario fixo e sendo este un requisito imprescindible para a súa concesión.
- B) Unicamente se lle poderá conceder o permiso solicitado se a traballadora adquirise o compromiso de continuar prestando servizos no mesmo centro despois da finalización do permiso, en virtude do artigo 61 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.
- C) Unicamente se lle poderá conceder un permiso non retribuído para a asistencia a cursos ou seminarios de formación sobre materias relacionadas coa actividade dos servizos de saúde, en virtude do artigo 61 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.
- D) Poderáselle conceder o permiso retribuído solicitado, en virtude do artigo 61 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

105. Elisa G. R., finalizou o seu contrato de persoal residente en formación na especialidade de dermatoloxía o 21/05/2012 e a continuación incorporouse a traballar no Servizo de Dermatoloxía dun hospital privado de gran prestixio internacional, exercendo funcións de xefa de servizo no mesmo dende o 01/01/2015. Con data 15/03/2018, tras superar o oportuno proceso selectivo, toma posesión dunha praza en propiedade no Servizo Asturiano de Saúde, no que permanece prestando servizos a día de hoxe. Con data 01/09/2018 presentou unha solicitude para participar na convocatoria ao posto de xefe de servizo de dermatoloxía convocado nun hospital do Servizo Galego de Saúde, en virtude do Decreto 206/2005 do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, resulta que Elisa é a única aspirante que se presentou a dita convocatoria. Como se resolverá a convocatoria desta xefatura?

- A) Resultará adxudicataria Elisa, ao ter acreditado máis de tres anos de experiencia na especialidade esixible para o acceso ao posto.
- B) Resultará adxudicataria Elisa, que se ben non reúne todos os requisitos establecidos, ao non presentarse ningún outro aspirante e acreditar amplos coñecementos e experiencia na categoría convocada, resulta ser a persoa adecuada para o posto.
- C) Será declarada deserta a convocatoria, ao non quedar acreditada experiencia en ningún centro do Servizo Galego de Saúde por parte de Elisa, a pesar de reunir o resto de requisitos necesarios.
- D) Será declarada deserta a convocatoria ao non concorrer ningún aspirante que reúna os requisitos establecidos normativamente.

106. A Intervención Delegada da Consellería de Sanidade emitiu un reparo suspensivo na tramitación dunha orde de subvención a unha asociación de loita contra as drogas porque considera que o órgano que propón o gasto non é competente para a súa aprobación. Cal das seguintes respostas é correcta?

- A) Os reparos suspensivos son definitivos.
- B) Non lle corresponde á Intervención Delegada emitir reparos suspensivos.
- C) Neste caso o reparo suspensivo non está fundamentado porque o trámite incumplido non é esencial.
- D) Emendado o motivo da suspensión (esto é, autorizado o gasto polo órgano competente) e acreditado polo órgano interventor cunha nova fiscalización, pódese continuar coa tramitación do expediente.

107. Beatriz F.P., de 35 anos de idade, traballou hai 10 anos nunha empresa, cun contrato laboral de 3 anos de duración, e a día de hoxe leva 5 meses traballando noutra empresa privada, inscrita no réxime xeral da Seguridade Social. Está embarazada de xemelgos, na semana 37 de xestación, sendo a data prevista de parto o 14/10/2018. Terá dereito á algunha prestación económica da Seguridade Social?

- A) Ao non cumprir o requisito do período mínimo de cotización establecido no artigo 178 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, terá dereito a unha prestación non contributiva, consistente nun subsidio por maternidade cunha duración de 56 días (42 días ampliables 14 días máis por parto múltiple), en virtude do establecido nos artigos 181 e 182.
- B) Terá dereito á prestación económica por maternidade, que consistirá nun subsidio equivalente ao 100 por cento da base reguladora, segundo o establecido no artigo 179 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. Ao tratarse dun parto xemelar, o permiso terá unha duración de 18 semanas (16 semanas ininterrompidas ampliadas 2 semanas máis por cada fillo a partir do segundo).
- C) Terá dereito á prestación económica por maternidade, que consistirá nun subsidio equivalente ao 100 por cento da base reguladora, segundo o establecido no artigo 179 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. Ao tratarse dun parto xemelar, o permiso terá unha duración de 22 semanas (20 semanas ampliables 2 máis por cada fillo a partir do segundo).
- D) Terá dereito á prestación económica por maternidade, que consistirá nun subsidio equivalente ao 75 por cento da base reguladora, segundo o establecido no artigo 179 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social. Ao tratarse dun parto xemelar, o permiso terá unha duración de 18 semanas (16 semanas ampliables 2 máis por cada fillo a partir do segundo).

108. O señor Pérez, persoa asegurada activa cunha renda de 60 000 euros de base liquidable no IRPF (imposto sobre a renda das persoas físicas), que porcentaxe máxima do prezo de venda ao público (PVP) terá que aportar na prestación farmacéutica (copago farmacéutico)?

- A) 60 % do PVP.
- B) 50 % do PVP.
- C) 40 % do PVP.
- D) 30 % do PVP.

109. O Servizo Galego de Saúde ingresa 100.000 € pola prestación de asistencia sanitaria a varios pacientes. A que capítulo se aplicarí o ingreso?:

- A) Capítulo I "Impostos directos"
- B) Capítulo II "Impostos indirectos"
- C) Capítulo III "Taxas, prezos e outros ingresos"
- D) Capítulo IV "Transferencias Correntes"

110. O Servizo Galego de Saúde convocou a licitación dun contrato de obras para a construción dun centro de saúde por un valor estimado de 1.500.000 euros. Unha vez valoradas as ofertas presentadas e cumpridos todos os trámites da normativa contractual do Sector Público o órgano de contratación adxudica a obra á empresa CONSTRUHOSGAL, S.L. por importe de 1.300.000 euros. Aparte do documento que emite coa adxudicación, que outro documento habería que realizar?

- A) Un documento A negativo por importe de 200.000 euros.
- B) Un documento D negativo por importe de 200.000 euros.
- C) Un documento O negativo por importe de 200.000 euros.
- D) Non hai que facer ningún documento negativo.